



C.P.I. "TOMÁS TERRÓN MENAÑA" SOBRADELO DE VALDEORRAS (OURENSE)


D. QUIXOTE AOS SEIS ANOS



As despedidas sempre son tristes. Ata pronto, Dulcinea!



D. QUIXOTE E SANCHO VISTO POLOS ALUMNOS DE 1º DE E. PRIMARIA



JUAN PABLO II: MENSAJERO DE LA PAZ

Karol Jozef Wojtyla nació en Wadowice el 18 de mayo de 1920. Terminados los estudios medios en la escuela Marcin Wadowita de Wadowice, se matriculó en 1938 en la Universidad Jagellónica de Cracovia y en una escuela de teatro. Cuando las fuerzas de ocupación nazi cerraron la Universidad, el joven Karol tuvo que trabajar en una cantera y luego en una fábrica química para ganarse la vida y poder evitar ser deportado a Alemania.

Tras la segunda guerra mundial, continuó sus estudios en el Seminario Mayor de Cracovia, nuevamente abierto, y en la Facultad de Teología de la Universidad de Jagellónica, hasta su ordenación sacerdotal en Cracovia el 1 de noviembre de 1946. Fue vicario de varias parroquias de Cracovia y capellán de los universitarios hasta 1951.



El 4 de julio de 1958 fue nombrado por Pío XII obispo auxiliar de Cracovia, pasando a ser arzobispo de la misma el 13 de enero de 1964 y estando ya en el pontificado Pablo VI, que le hizo cardenal en junio de 1967. Participó en el Concilio Vaticano II.

Dese el comienzo de su pontificado, Juan Pablo II ha realizado 101 viajes pastorales y 90 giras papales por todo el mundo, lo que le valió el nombre de «el Papa viajero».

En la década de los ochenta, Juan Pablo II decidió llegar a países donde la Santa Sede parecía estar lejana. Los noventa estuvieron marcados por sus viajes a tierras donde ya había estado, pero también a zonas de conflicto y en guerra civil, intentando llevar siempre un mensaje de paz. Murió el 2 de abril de 2005.

Se podrá estar más o menos de acuerdo con la línea y el estilo marcado por Juan Pablo II a lo largo de su pontificado, pero es indudable que dio un giro a la imagen ofrecida por Papas anteriores. Fue un Papa mediático como ninguno. Se entregó a labores humanitarias y promovió la defensa de la vida en todos sus estados, de los Derechos Humanos y de la paz.

Su carisma personal, así como la coherencia con su fe a lo largo de su vida, fueron reconocidos por la inmensa mayoría de los países de todo el mundo. Prueba de ello, han sido las manifestaciones hechas por los propios gobernantes y la masiva asistencia de los mismos a su funeral en la ciudad del Vaticano.

Los cristianos pedimos para él, que todos sus desvelos y esfuerzos por ayudar a construir un mundo y una sociedad mejor, se vean iluminados por la esperanza cristiana de la Resurrección de Cristo el Señor.

UNA EXCURSIÓN INOLVIDABLE

El miércoles 13 de Abril los alumnos de 3º, 4º y 6º fuimos a O BARCO de excursión cultural.

Cuando llegamos al colegio nos preparamos, fuimos a las clases y cogimos las pilas y los papeles que traíamos en una

Al principio Ismael no paraba de jugar con el micrófono y a David le quedaban grandes los cascos. Cuando terminó la entrevista, Laura y Vicente leyeron un documental sobre el lobo gris; Brais leyó un anuncio del colegio; Marta y

nos explicó como se reciclaban las cosas.

Una máquina de reciclaje pitaba para que nadie se acercara cuando aplastaba el papel.

Después, nos enseñó los distintos sitios donde se reciclaba la basura o cosas que no nos sirvieran, por ejemplo: para papel, plásticos, zapatos, hierros, cartón, pilas, aceite, fluorescente, pinturas, baterías, vidrio, cristales, colchones, escombros...

Al salir del punto limpio, fuimos directos a Sargadelos (que esta en la calle principal del Barco) donde estaba la hija de Helena (que se llama Uxía) y su compañera, que fueron las que nos enseñaron todo lo que había: platos, pocillos, jarras y amuletos de porcelana con dibujos blancos y azules. También había libros de cuentos, diarios, poesías... Nos enseñaron una galería de cuadros pintados, algunos con aceite y polvos de talco de colores. Al lado de cada cuadro había el precio y todos nos parecieron muy caros.



bolsa para llevarlas a reciclar al "Punto Limpio".

A las 9:45 salimos del colegio hacia O Barco de Valdeorras. En el viaje, el conductor, que es muy simpático, nos puso música. Cuando llegamos al Punto Limpio se bajaron los profesores, dejaron las bolsas de papel y de pilas y nos fuimos a la Radio. Cuando llegamos estábamos algo nerviosos. La encargada nos estuvo explicando como iba a ser la grabación en la radio aunque también practicamos un poco para estar más preparados.

Llegó el momento de entrar: la radio era pequeña, en la pared tenían unas placas que servían para absorber sonido, también tenían unos altavoces hechos de madera y piedra.

Nuestros compañeros Ismael, David y Alex se pusieron los cascos para empezar.

Leti hablaron sobre el cambio climático; Víctor y Bea, sobre los gatos y Lucía sobre la pesca.

Al salir nos encontramos mejor porque allí dentro hacía mucho calor. Mientras los alumnos de 3º leyeron un cuento de Don

Quijote y los de 4º leían las noticias del colegio, nosotros hablamos de los momentos divertidos que habíamos pasado.

Fuimos andando desde la

"COPE" hasta el Punto Limpio. Al llegar allí posamos las mochilas y los balones. Cogimos las bolsas llenas de papel que habíamos traído nosotros. El encargado que había allí las mandó tirar a reciclar. Luego



Después nos fuimos a comer al malecón.

A la 1:00 nos pusimos a comer al lado del río Sil. Todos comimos bocatas que llevamos de casa y de bebida zumos y

(Continúa na páxina seguinte)

(Vén da páxina anterior)

aguas. Más tarde fuimos a jugar a unas pistas. Algunos jugamos al fútbol y otros al voleibol (incluidas Palmira y Gemma nuestras profesoras). Las pistas eran bastantes grandes. Manuel, nuestro profesor de E.F., fue a dar una vuelta con unos niños al malecón mientras nosotros seguimos jugando a diferentes juegos.

Nos fuimos para un parque. Allí Ismael y Jorge jugaron a mojarse y los castigaron a los dos mientras los demás jugábamos en los columpios. Había tres tipos de columpios:

uno de ellos tenía cuatro brazos y un asiento en cada brazo, daba muchas vueltas; otro, que era más pequeño, tenía cuatro baras dobladas hacia abajo donde se agarraba uno y en el se montaron Jorge e Ismael cuando les levantaron el castigo; por último el más pequeño que tenía una barra para sujetarse y no paraba de dar vueltas. También había toboganes. Por lo menos

estuvimos allí media hora y nos vino a buscar el autobús Atvisa para llevarnos para el cole.

Salimos de O Barco de Valdeorras hacia las 4:30 de la tarde, para llegar a coger el autobús de vuelta a casa.

Por el camino hacia Sobradelo íbamos escuchando música que

Cuando llegamos estábamos un poco cansados de jugar en las pistas. Algunos al entrar en el colegio se tiraron en el pasillo de lo agotados que venían. Otros niños estaban mareados "de dar tantas vueltas", ¡hasta devolvieron!! en el pasillo. Más tarde nós marchamos a casa.



nos puso Manuel (el conductor).

Veníamos todos muy contentos bailando, cantando, aplaudiendo porque lo habíamos pasado muy bien.

A pesar de que veníamos cansados, lo pasamos muy bien.

Alumnado de 6º Primaria

VIAXE A SANTIAGO

O día 10 de febreiro os alumnos/as de 1º e 2º de ESO fomos de excursión a Santiago. Saímos ás 8,30 dende o colexio. Cando levabamos como hora e media de viaxe fixemos unha pequena parada nun pobo que se chama Rodeiro. Unha vez repostas as forzas continuamos a viaxe todo seguido a Santiago.

Chegamos sobre as doce e o primeiro que fixemos foi ir ao Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), onde vimos moitas cousas que tiñan que ver cos colexios antigos.

Pasamos por unha aula que estaba representada exactamente como as que había hai

uns anos nos nosos pobos. Os pupitres e o material de escritura foi algo que nos chamou a atención. Ao rematar a visita vimos como os guías do museo lles daban as profes agasallos para nós, peón, lapis, postais...

A continuación fomos á TVG. Alí unha monitora explicounos cousas sobre a televisión, os focos, as cámaras... E tamén vimos como gravaban en directo.

Despois, ao rematar, fomos comer a un centro comercial moi grande chamado Área Central.

As profesoras deixáronnos andar sós polo centro comercial avisándonos de que as

catro menos dez tiñamos que estar na entrada que nos marcaran.

Ao terminar de comer uns fomos de compras e outros á sala de xogos.

A verdade é que fomos todos moi puntuais. Ás catro xa estabamos todos ben acomodados no bus camiño de Sobradelo.

Fixemos unha para no Lor para estirar un pouco as pernas e as sete cada un para a súa casa moi cansos pero tamén moi contentos polo ben que o pasamos.

Lorelai Prieto
1º de ESO

don quixote e os seus amigos


Ía unha vez Don Quixote pola Mancha, charlando con Sancho Panza, o seu escudeiro, cando se encontrou co Gato con Botas.

Tras falar un ratiño das súas aventuras, apostaron dúas lasañas a ver cal dos dous chegaba antes a Albacete. Don Quixote cabalgaría no flacucho Rocinante, e o Gato, daría grandes zancadas coas súas botas.

Mentres corría, Don Quixote viu a Carrapuchiña Vermella, que recollía flores falando co lobo.

-Ese lobo seguro que lle fai mal á nena, debo defendela, coma un cabaleiro andante. Sancho, dame a espada... e marchou a correr detrás do lobo, esquecéndose da aposta que fixera co Gato.

Pero Rocinante pasou baixo unha árbore cas pólas baixas, e o Quixote quedou colgado dela, mentres o cabalo se partía de risa.



Viñetas: Juan Jesús, Christian, David

Continuaron o camiño a Albacete, e ó chegar, viron ó Gato con Botas, que había prendido unha fogueira e estaba asando as lasañas que apostaran. Como saía un cheiro moi especial, chegaron por alí Doraemon e Songocu e convidáronos a xantar.

Ó remata-la lasaña, saíron a dar unha volta, e viron un sumidoiro aberto, de onde saíu a Ratiña Presumida, preguntándolle a Songocu:


- ¿Non terás por aí unha cinta vermella, que me poidas prestar?
- Por suposto, co guapiña que es, tamén che pedía que casaras comigo...
- ¿E que farás pola noite?
- Vixia-las miñas ibolas máxicas!
- ¿E non roncas?
- Por suposto que non.
- Ben, pois entón casarei.

Nese intre, saíron do sumidoiro Alí Baba e os Corenta Ladróns, raptaron á Ratiña Presumida e marcharon correndo. Don Quixote, O Gato con Botas, Doraemon e, por suposto Songocu, saíron detrás da prometida para rescatala e que Songocu poidera casar con ela.

Entón os ladróns empezaron a tirar pedras contra eles, pero todas rebotaban na panza de Sancho, e volvían polo aire a cáir enriba dos ladróns, que quedaban eliminados.

Só Alí Baba conseguiu fuxir coa Ratiña, e agochoouse no interior dun castelo, que estaba no alto dun volcán fumegante, e pechou unha gran porta de ferro con chave.

Songocu tentou derriba-la parede dunha patada pero non puido, e por riba, rompeu a perna. Tiveron que darlle dous paos para que poidera camiñar, pero como eran tan delgadiños, romperon, e Songocu caeu nunha trampa de Alí Babá, e picouse no cu.



Viñetas: Albert, Helena, Vanesa

Don Quixote axudoulle a saír da trampa cun pao gordo, que despois utilizaron para forza-la porta de ferro.

Segundo ían entrando no castelo, caíron todos noutra trampa chea de ortigas, formigas rabudas e miñocas.

Os berros oíanse desde lonxe.

¡Sacádenos de aquí! ¡Sacádenos de aquí!

Ata que se lles ocorreu poñe-la espada do Don Quixote no muro da parede, e ir escalando por ela.

¡Apurade, que o volcán está a piques de esoupar, e vains cae-la lava enriba!

¡Estou farto! Berrou Doraemon, imos rescata-la ratiña dunha vez!

Entón, Songocu recuperou tódalas súas forzas e dixo: -Ratiña, non teñas medo que imos por ti.

Atacou a Alí Baba e, dunha patada, tirouno ó río.

Colleron á Ratiña, saíron do castelo, e fuxiron da lava moi felices, porque xa podían celebra-la voda da Ratiña Presumida con Songocu, á que estaban todos invitados.

E colorín colorete, pola cheminea saíu un foguete.


3º primaria: Vanesa, Christian, David, Helena, Albert, Juan Jesús

O TRABALLO NA PIZARRA


No noso concello case todas as persoas traballan na pizarra:




Os artilleiros meten dinamita dentro das montañas e , ó estoupar , saen as pedras da pizarra.



Os palistas cargan as pedras nos camións para levar as nave.




Os choferes dos camións levan o ración dende a canteira ata a nave.



Os serradores serran as grandes pedras de pizarra e quedan pequenos bloques.


Os labradores co martelo e a uñeta
abren os bloques da pizarra
Os cortadores cortana a medida.



Os embaladores /as meten as louxas
en caixas




Os camioneiros levan as louxas
paara outros lugares



Acabada a xornada, os traballadores/as
voltan para a casa en Land-Rover
ou autobús.



Por último, os louxeiros colocarán
as louxas nos tellados e quedarán
as casas ...Preciosas!!!





Alumnos / as de 2º de E. Primaria
Coa colaboración de Pedro (alumno de 5º), no debuxo dos serradores.

Os reporteiros de primeiro




En decembro celebramos o Festival do Nadal. Participaron todas os cursos. Nós cantamos unha paraxolina.

O día da paz saímos todos e natis, lemos poesias a favor da paz e cantamos unha canción.





O catro de marzo foi a festa de solradelo. Havia colchonetas e unha orquestra moi boa. Pasámolo moi ben, aínda que chovía.




En Febreiro celebramos o Entroido. Dústrazamos as bandeiras.


No mes de Xaneiro, cando estabamos no recreo levamos un susto, porque caeu á patio unha ventá



Despois das vacacións de Semana Santa, plantamos árbores e agasalláronnos con outra para nós



Os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º do noso colexio participaron na radio escolar. Nos excitámos na clase



NOTICIAS DO COLEXIO NA RADIO

MENSAJES Y UNA CANCIÓN DÍA DE LA PAZ

En el colegio «Tomás Terrón Mendaña» celebraron el día de La Paz el viernes, 28 de enero. Todos los alumnos de primaria y parvulitos hicieron una paloma de la paz y le pusieron un mensaje. Después salieron al patio a decir unas frases. Y luego se pusieron todos en corro y cantaron una canción. La canción era portuguesa y traducida a gallego. Su título era «Os meninos de todas as cores».

BANDEIRAS EUROPEAS PARA CELEBRAR O ENTROIDO

No colexio «Tomás Terrón Mendaña» celebraron o entroido o venres, 4 de febreiro.

Organizouse un desfile no patio do colexio despois de comer. Participaron os alumnos de infantil e primaria e tamén algúns profesores. Ían disfrazados cunha bolsa de plástico de cor azul. Por diante levaban unha bandeira dun país da Unión Europea, e por detrás, un mapa de Europa, co país correspondente á bandeira, pintado en vermello. Na cabeza un gorro azul con estrelas amarelas.

O resto de profesores, os compañeiros de secundaria e tamén algún pai e algunha nai miraban o desfile.

Varios nenos de secundaria e algún que outro profesor ían disfrazados de distintas formas. Rematado o desfile todos se puxeron a botar fariña.

O COLEXIO "TOMÁS TERRÓN MENDAÑA" PLANTOU ÁRBORES

O colexio «Tomás Terrón Mendaña» celebrou o día da árbore o xoves, 17 de marzo.

Ese día sairon todos os alumnos e profesores de infantil e primaria ó campo de fútbol, situado ó lado do colexio, para plantar árbores.

Cada curso de infantil e primaria plantou unha árbore, pero con axuda dos profesores e dos señores de medio ambiente. Antes de planta-las árbores, os señores de medio ambiente fixeron uns buratos para poñe-las árbores.

Os nenos e nenas de cada curso botaron terra, regaron con auga e puxeron pedras arredor das árbores plantadas.

Había distintas clases de árbores: acivros, aciñeiras, capudres,...

Despois, cando os alumnos e alumnas acabaron de planta-las árbores, os señores de medio ambiente déronlles un agasallo a tódolos nenos e nenas: unha bolsa con lapis, globos, sobres con sementes de diferentes árbores, pins, pegatinas, etc.

OENCIA



A chegada Ó Seixón do Pan despois da recollida de flores.




Juanjo afinando puntería.



Os pequenos foron os primeiros.



Repoñendo forzas




ite tibetana




Vicente escalando sen medo algún

O CONCURSO DA ONCE

EL CABALLERO DE LA BLANCA LUNA



AVENTURA DE LOS LEONES



Nós, os de quinto de E.P., e outros cursos de Primaria e de Secundaria, participamos nun concurso sobre o libro de «El ingenioso hidalgo Don Quijote de La Mancha». O concurso consistía en debuxar unha pasaxe do Quixote e describir o debuxado.

Na miña clase repartímonos en dous grupos. Un grupo fixo un debuxo sobre «El Caballero de la Blanca Luna» e o outro grupo sobre a «Aventura de los Leones». Os debuxos foron algo complicados de facer. Cando rematamos de debuxar e colorear, describímoslos.

Despois os da ONCE pasarán o texto ó sistema «Braille», para que os nenos cegos poidan imaxinar o que representamos nas nosas composicións.

Esta actividade realizámola no mes de febreiro deste ano 2005.

Alumnos/as de 5º

NOTICIAS NUN TRIS...TRAS

PROBLEMIÑAS COA FUMATA NO VATICANO

O mércores, 20 de abril, elixiuse un novo Papa. Ó principio saía o fume negro, e despois, cando xa o elixiron saíu o fume algo gris e a xente estaba desesperada. Pero, por fin, viuse saír o fume branco, e a xente emocionouse. Xa había Papa, Joseph Ratzinger, un alemán de 78 anos.

Noelia - 5º E.P.

O TEMPO ...

O tempo está ás veces un pouco tolo, un día chove, outro está nubrado, outro vai calor, etc.

Ás persoas anciás cando vai chover ou está nubrado dóelles o corpo, pero a nós, os nenos e as nenas, non nos doe.

O tempo anda un pouco toliño porque: os meses de xaneiro, febreiro e marzo fixo algo de calor e non choveu, agora en abril, desde o día 2, comezou a chover e así case todos os días. Os días 2, 3 e 4 foron as festas de Sobradelo, e choveu como case sempre. O refrán que di «En abril augas mil» é certo. Choveu bastante e fixo algo de frío.

A min gustárame que chovese no outono, e no inverno; na primavera e no verán que non chovese, que estivese o tempo despexado e o campo cheo de flores e de froitas.

Jennifer - 5º E.P.

Entroido 2005

O noso disfraz: A Unión Europea


Este ano no noso colexio, os de Educación Infantil e Primaria, disfrazámonos de países da Unión Europea.

Os disfraces foron moi sinxelos de facer.

Este é o material que se necesita para o disfraz: cartolina, bolsas de plástico, celo, pegamento, tesoiras, arquivadores de plástico transparente e papel charol de cor amarela.

Os pasos para elaborar o disfraz son estes:


- 1º- Pintar a bandeira (cada un de nós tiñamos un país).
- 2º- Pintar un mapa pequeno de Europa (de vermello o país que se representa e os restantes de verde).
- 3º- Facer o sombreiro con cartolina azul.
- 4º- Recortar 12 estrelas en papel charol amarelo e pegalas no sombreiro.
- 5º- Recortar na bolsa de plástico un burato para o pescozo e dous para os brazos.
- 6º- Pegar a bandeira e o mapa con celo na bolsa de plástico; a bandeira na parte dianteira e o mapa europeo nas costas.



Melissa - 5º E.P.

UN HELICÓPTERO SOBREVOA O COLEXIO

O vernes, día 22 de Abril, pola mañá, oímos un ruído. Parecíanos o ruído dun helicóptero. Estabamos na clase de Lingua, pero correxiamos uns exercicios de matemáticas. Paramos para comprobar o que pasaba. A profe Nati



deixounos abrir as ventás para mirar.

Os nenos de infantil e os de primeiro saíron ó patio a ver o helicóptero e corrían como tolos.


Pareceunos que o helicóptero vixiaba as torres de alta tensión. Observamos como se acercaba ós cables.

Diego, Aitor, José Antonio
5º E.P.

B E S T I A R I O

O CACÚ

O cacú é un animal de catro patas parecido a un guepardo, c u n h a esmeralda incrustada na fronte, e con catro plumas en vez de rabo. É herbívoro, e mide medio metro aproximadamente.



O cacú é moi difícil de ver, xa que só sae en lúa chea para buscar comida e unha femia coa que reproducirse, porque é un animal independente e só se reproduce en lúa chea. Se alguén o colle e o leva para a súa casa, ponse moi contento, e alí onde alumea a esmeralda empezan a aparecer cousas que a familia desexaba. Ao día seguinte o cacú desaparece, xa que só pode estar unha noite en cada casa.

O cacú é un animal moi listo, e se ve que se lle acercan con malas intencións empeza a lanzar frechas a través da esmeralda.

Este animal é o que fai cumprirse os soños de moitas persoas.

Sandra López Fernández
3º E.S.O.-B

MUKUSULUBA

O mukusuluba é un ser metade can, metade mono. Mide medio metro aproximadamente e só ten un ollo no medio da fronte. Crese que veu doutro planeta, xa que na terra non se viu nunca outro igual.

Sempre o a t o p a r á s cando hai lúa chea, pero só se acercará a ti se algunha vez lle tes dado papel, xa que é do que se alimenta. Cando ten fame vai por tódalas casas en busca de alimento; é inofensivo e, ademais, moi agradecido. Cando lle dás papeis diche o próximo número da lotería.



David Álvarez Núñez 3º E.S.O.-B

HIPOGRIFO

Este animal é metade cabalo e metade aguia. Aliméntase sobre todo de ratas e pon dous ovos cada dez anos. Para poder tratar con el hai que facer unha reverencia e cando el se incline significa que podemos tocalo e ata montar nel. Unha vez montado nel, levanta o voo e vai dar unha volta.

É moi orgulloso, se o insultan ou o tratan mal pode matar coas grandes poutas e o afiado pico.

Santiago Corcoba Rodríguez
3º E.S.O.-B

BRINCADALLEVAI

O brincadallevai é un animal que se asemella a un esquí ou a un mapache, aínda que algunhas persoas pensan que é unha mofeta.


Ten unha mata de pelo branco que lle vai dende a punta do fociño ata o final do rabo. Ten un ollo de cor amarela e outro vermello, os cales lle permiten ver mellor pola noite e encontrar o seu alimento debaixo da neve. Gústalle moito xogar coa neve.

Na súa especie non existe a diferenza entre macho e a femia, senón que só hai un individuo cos dous sexos. Ten unha cría cada doce anos, por iso non existen moitos exemplares no mundo.

É un animal moi rápido, os humanos case non alcanzan a velos coa súa velocidade ó camiñar.

O brincadallevai aliméntase dos trevos de catro follas, polo que no mundo estas plantas son moi escasas.

Este animal dá moita sorte, por iso o queren todos, pero se alguen o i n t e n t a



coller el dá un brinco, dálle un golpe ó inimigo co seu rabo e vaise tan rápido que non se ve. O brincadallevai vive nas árbores e só sae pola noite, porque case nunca encontra ningún inimigo.

Sara López da Silveira
3º E.S.O.-B

O FRACASO ESCOLAR

Antigamente, pouca xente estudaba e tiña uns coñecementos básicos. Pola falta de escolas e pola falta de diñeiro, o que facía que os rapaces tivesen que axudar os seus pais para conseguir cartos. Por esta razón a maioría da xente era analfabeta e non se podía falar de auténtico fracaso escolar.

Na actualidade toda a poboación está escolarizada, pero a escola non é capaz de transmitir os coñecementos necesarios para que os alumnos completen os seus estudos con eficiencia, ou dito de outra maneira, o fracaso pode consistir en suspender, repetir e non obter o título ó final do ensino obrigatorio; tamén no baixo rendemento académico, non ter unha boa base e o abandono do estudo porque os estudantes non lle encontran utilidade.

Se comparamos o rendemento académico de antes co de agora os estudantes aproveitaban máis os estudos, e polo tanto case todos os que estudaban conseguían o título. Agora a xente ten que estar ata os dezaseis anos estudando, o que provoca que moitos alumnos non queiran estudar nin consigan o título.

Existen varias causas que poden levar o fracaso escolar:

Unha das causas principais é a falta de vontade dos alumnos cara ó estudo porque pensan que non lles van ser útiles para o futuro. Tamén pode ser que as clases sexan pouco amenas e non motiven os

alumnos.

Na casa, o ambiente familiar pode influir nos estudos, podemos engadir que algúns alumnos non teñen un ámbito de estudo favorable. A vida de moitos alumnos dista moito da escola, debido a que cando saen da escola esquecense de todo o que aprenderon.

No seu fogar, os estudantes non ocupan o seu tempo cos estudos, e podemos engadir que non saben estudar, ademais de tódalas distraccións fóra da escola como por exemplo: a televisión, o móbil, internet, os mozos/as, os amigos/as, a consola...

En canto á escola, os nenos non teñen información suficiente, e pensan que os estudos non lles van resultar útiles.

Outra causa pode ser que o profesor non explique correctamente ou de maneira que todos os alumnos o entendan. A iso podemos engadir a «lei do mínimo esforzo», que consiste en que os estudantes, en vez de dar todo o que poden, aplícanse pouco e estudan o imprescindible para aprobar.

Por outra banda, algúns profesores téñenlles manía ós alumnos, e viceversa. Os profesores puntúanlles baixo (a eses alumnos) e, sempre que pasa algo, bótanlles a culpa a eles, etc.

Nós cremos que a causa principal é que os alumnos non temos a información suficiente sobre as saídas académicas e profesionais ó rematar a ESO.

Unha posible solución é que os alumnos dediquen máis horas ó estudo. Isto conseguiríase reducindo o número de asignaturas e deixando tempo libre para estudar na escola e facer que as clases sexan máis divertidas. Ademais os profesores deberían ensinar os alumnos a estudar. Tamén poden incirtarnos ó estudo e poñerse no noso lugar.

En canto ó ámbito de estudo, cada alumno debe dispor dun lugar favorable para realizar as súas tarefas.

Outra solución sería que os pais controlen máis ós fillos, e que lles prohiban actividades ou distraccións tales coma o móbil, a televisión, etc., para estudar. Os alumnos a quen non lles chegan as horas de estudo na escola deberían ir a clases de reforzo, ben no seu centro de ensino, ben cun profesor particular ou unha academia.

Outra alternativa sería que os profesores nos informasen das saídas académicas ó acabar a ESO.

En definitiva, o fracaso escolar non vai deixar de existir, pero debería de ser o máis baixo posible. E debemos recordar que no fracaso está incluída toda a sociedade, a cal tería que poñer todos os medios posibles para que diminúa.

Sandra Barba Álvarez
Zaira Fernández Voces,
4º de ESO

DESPEDIDA

Pasaron doce anos dende que empecei a estudar neste colexio e, sen dar-me conta, servíronme de moito. Aquí, neste colexio, foi onde aprendín todo o que agora sei, dende 1º de Preescolar ata 4º da E.S.O.

Eu, da infancia que pasei neste colexio, non me lembro moito, pero sei que o primeiro día que cheguei xa quería marchar para a miña casa, porque dicía que estudar era a cousa máis aburrida que podía existir, (sígoo pensando) pero é o que teño que facer se quero chegar a algo nun futuro.

Aprendín a sumar, restar, analizar oracións...

pero tamén aprendín outras moitas cousas que non teñen que ver co estudo como, por exemplo, a comunicarme coas demais persoas, a relacionarme, a ter novas amizades, a abrimme a novas experiencias que tal vez necesite, a divertirme... Ben, todas esas cousas que son imprescindibles para a vida.

A pesar de que xa me quero ir de aquí, para seguir adiante cos meus estudos ó mesmo tempo dáme pena deixar atrás todo o que aquí, como xa dixeran antes, aprendín ou me ensinaron. O que si me dá moita pena é deixar algunhas amizades noutros cursos. Seguirei en contacto con elas, pero non será o mesmo

que estar todo o día de rexouba.

Por último, pero non máis nin menos importante, tamén me dá pena deixar a profesores/as, que me ensinaron todo o que agora sei.

Pasaron doce anos dende que eu estou aquí, e todo o que me ensinaron está dentro de min.

Aínda que o pases mal sempre che dará pena marchar porque este colexio sempre che vai ensinar.

M^a ÁNGELES LORENZO LÓPEZ
4º DA E.S.O.

O Teixadal

Sitúase na provincia de Ourense, na vertente norte de Pena Survia, en cotas de 1400m de altitude.

O Teixadal ten unha superficie de dúas hectáreas, é dicir un total de 1974 metros cadrados. Pódese afirmar que perduran 408 teixos, e esperamos que esa cifra tenda a aumentar. É o único bosque de teixos que hai en Europa. A este bosque é difícil acceder (probablemente é un dos motivos que fai que aínda teñamos tantos teixos) e por iso din que hai seres fantásticos nel, é sinistro, temerario...

A vexetación: Dominan os seguintes tipos:

Galerías: saucedas, silvas, bidueiras e un bosque mixto de aliso,

avelaeira, acivro, freixo...

Matos: uceiras, carpazais, piornedos e xesteiras.

Flores: uceiras, xestas, carqueixa, halimina alyssoides, erica arboreda, asphodelus albus, digitalis purpurea, aquilegia vulgaris, linaria, triamithophona, saldaconsola...

A fauna: Hai 36 especies de mamíferos coma o lobo, corzo, xabarín, ourizo cacho, furafollas, leirón careto, armiño, doniña branca, donicela, garduña...

Cen especies de aves, como a aguiá real, rapiña cincenta, voitre leonado, lagarteiro, perdiz, bufo real, curuxa común, moucho de orellas...

Trece especies de réptiles coma o lagarto da serra, cobra lagarteira, lagarto arnao, esgonzo común, víbora...

Doce especies de anfibios coma salamántiga galega, limpafontes, patilonga vermella e verde, sapo corriqueiro, ...enumerosos invertebrados

A cantidade de teixos é de 408, con perímetros que oscilan entre os 2 e os 4 m., con alturas superiores aos 15 m.

A verdade é un lugar que paga a pena visitar.



Teixadal. vista panorámica

Iria, M^a José,
Mirian, M^a Luisa (2º E.S.O.)

A serra da Enciña da Lastra

O parque natural da Serra da Enciña da Lastra está situado no concello de Rubiá (Ourense), cunha superficie de 3.015,67 hectareas, foi declarado Parque Natural en abril de 2002. A Serra da Lastra é unha cadea de montañas calcáreas que discorre perpendicular ao río Sil e separa as comarcas do Bierzo (León) e Valdeorras (Ourense).

A orografía é máis abrupta, con grandes desniveis entre os cumes dos montes e as partes baixas, ata 1000 m en poucos quilómetros. O pico máis elevado é o Tara (1112 m), nos penedos de Oulego; preto atópanse a Serra dos Cabalos e dos Cereixidos.

As pedras calcáreas dan lugar a formas características: canóns profundos, coma o do Sil en Covas, agullas espectaculares (penedos de Oulego), covas ou palas moi numerosas na zona, na que hai censadas 77, as máis delas situadas entre Biobra e Covas. Destacan as de Penarrubia, a Pala da Campá, a do pé de Pau, a da Zorra, as simas de Biobra, as do monte Corrudumeiro e as dolinas de Pardollán.

O río Sil nace nas estribacións do Cordal Cantábrico e despois de percorrer as terras do Bierzo leonés penetra en Galiza pola zona coñezida como O Estreito, formando un fermoso canón entre rochas e calizas. O seu afluente Galir é de gran valor ecolóxico porque nel se atopa o cangrexo de río autóctono.

A serra da Enciña da Lastra ten un grande interese paisaxístico, ecolóxico e biolóxico. As grandes diferencias de altura, xunto coa composición das rochas dan lugar a ecosistemas diferentes e de grande interese biolóxico: mediterráneo seco na parte baixa das ladeiras e centroeuropeo frío e húmido nas partes altas, dando lugar a especies vexetais únicas.

A vexetación: Existe unha das formacións de bosques de aciñeiras e matogueiras mediterráneas máis extensas e mellor conservadas de Galicia.

Nos cumios máis altos hai cerquiños, carballos, bidueiros, pradairos, acivros, carballos albares, sotobosque de galos, herbas

trigueiras, anémonas, paxariños, piornos, xestas, codesos, uces, queirugas...

Nas ladeiras baixas aparecen aciñeiras, érvedos, loureiros, escornacabras, espregos, xaras, tomelos, silvas.

Nas beiras dos ríos hai salgueiros, ailantos, amieiras. Neste espazo hai 69 especies moi raras en Galicia, entre elas o fento Cheilantes acróstica, as herbas Alyssum minutus, Legousia híbrida, Ononis pusilla e Silene saxifraga e os arbustos Sorbus domestica e Viburnum lantana. Hai 25 especies de orquídiás, e 20 especies calcícolas algunhas únicas en Galicia.


A fauna: A fauna é variada, hai censados mais de 160 especies de vertebrados.

Mamíferos: lobo, raposo, xabarán, doniña branca, xeneta, nove especies de morcegos diferentes.

Aves: Están representadas por case 100 especies, aguiá, azor, falcón peregrino, voitre branco, miñato abelleiro, aguiá caudal, aguiá real, aguiá albela, bufo real, bufo pequeno, moucho común, avelaiona, tamén hai aves acuáticas como o somorgullo cristado.

Réptiles: Os máis interesantes son: cobregón, a lagartixa rabuda, cobra largarteira, víbora fuciñada, cobra rateira, cobra escada.

Anfibios: Están representados por 10 especies: píntega, sapo raxado, o limpa fontes, sapiño troiteiro, sapo corriqueiro...



A Serra da Enciña da Lastra constitúe a zona calcárea máis destacada de Galicia

Adrián, Jennifer, Alberto
(2º E.S.O.)

Pena Trevinca

O Macizo de Pena Trevinca inclúe os montes do Covelo, o val do río Bibeí ata o encoro do Bao, 24.894 ha., nos concellos de Carballeda, A Veiga, Viana do Bolo, O Bolo e Manzaneda. Combina a alta montaña con vales de ríos. As condicións climáticas propician a aparición de diversidade de animais e vexetais, polo que ten un grande interese xeolóxico e paisaxístico.

Sitúase na confluencia das provincias de Zamora, León e Ourense.

Está formado por cinco serras: A Serra do Eixe, Serra da Mina, Cabrera, Calva e Segundeira. Na Serra do Eixe atópase o pico máis alto de Galicia, Pena Trevinca (2.127m), Pena Negra (2.123m), e Pena Survia (2.112m).

As lousas son as rochas máis abundantes na vertente norte, o que orixina relevos suaves. O macizo é un importante nó hidrográfico no que se forman varios ríos: Tera, Bibeí, Casaio e Xares.

Durante as glaciacións do cuaternario houbo varios sistemas glaciares, as linguas deses glaciares labraron vales en U, ocupados actualmente polos cursos altos dos ríos. Ao desapareceren os glaciares nos seus circos ou nas áreas pechadas polas morrenas terminais formáronse lagoas como as de Ocelo, A Serpe, e Sextil Alto. Trevinca acolle a maior concentración de Lagoas do estado despois dos Pirineos, cun conxunto duns 35 humedais de diverso tamaño situados a máis de 1.600 m. de altitude.

A Flora: A maior parte do macizo está cuberto por mato de uces brancas e rosas, queirugas, carqueixas, arandeiras e carpazas. Nas partes altas aparecen xenebreiros e xestas olorosas. Nas depresións impermeáveis hai turbeiras, rorelas e outras especies típicas.

Nos bosques máis inaccesíbeis sobreviven bosques autóctonos formados por carballos, bidueiros, acivros, capudres ou escanfres, e nalgúns puntos, teixos. Destacan a fraga do Foio Castaño e o Teixadal de Casaio. No val do Casaio hai aciñeiras, xaras e nas partes altas cerquiños.

Iria, Mª José,
Mirian, Mª Luisa (2º E.S.O.)

APUNTES SOBRE O CALZADO

- Existen evidencias que nos amosan que a historia do zapato comeza a partir do ano 10.000 a.C., ou sexa, ao final do período paleolítico. Pinturas desta época en covas de España e sur de Francia, fan referencia ao calzado.

- O calzado máis antigo que se coñece é un par de sandalias fabricadas con palla trenzada, e que proveñen de Exipto.

- As primeiras sandalias de coiro e adornos feitos de ouro foron atopadas no baño do faraón Tutankamón.

- Os gregos chegaron a lanzar como moda a de modelos diferentes para o pé esquerdo e o dereito.

- En Roma o calzado indicaba a clase social e cónsules, por exemplo usaban zapatos brancos, os senadores zapatos marróns prendidos por catro fitas negras de coiro atadas con nós, e o calzado tradicional das lexións eran os botíns que descubrían as dedas.

- Na Idade Media, tanto os homes como as mulleres usaban zapatos de coiro abertos que tiñan unha forma semellante ás zapatillas. Os homes tamén usaban botas altas e baixas amarradas de diante e ao lado. O material máis corrente era a pel de vaca, pero as botas de calidade superior eran feitas con pel de cabra.

- Os primeiros zapatos vistos na Europa moderna fueron utilizados nas cortes francesas



entre os séculos XIII y XIV. Eran tan incómodos e pesados que orixinaban fortes dores nos nocellos.

- As babuchas, tamén coñecidas como «pantufas», comezaron a utilizarse no século XII polos mouros.

- As primeiras plantillas utilizadas para protexer os pes comenzaron sendo de cortiza.

- O tacón apareceu a finais do século XVI e comezo do XVII.

- A primeira bota de dama foi deseñada para a Raíña Victoria en 1840.

- A padronización da numeración é de orixe inglesa. O rei Eduardo (1272 - 1307) foi quen uniformizou as medidas.

- A primeira referencia coñecida da manufactura do calzado en Inglaterra é de 1642, cando Thomas Pendlton proxectou 4000 pares de zapatos e 600 pares de botas para o exército.

- A mediados do século XIX comezan a aparecer as primeiras máquinas para a confección do calzado.

- A partir da cuarta década do século XX, comezan a sucederse grandes cambios na industria do calzado, cambio de coiros por gomas e tamén materiais sintéticos, principalmente en calzados infantís e femininos.



A FREGONA

Moitos turistas e visitantes sorprendíanse ao ir a España e ver este elemental instrumento de limpeza: **a fregona**. E máis dun volvía ao seu país con tan liberador artiluxo.

O pai da idea foi Manuel Jalón Corominas, enxeñeiro e oficial do Exército do Aire na base aérea de Zaragoza. Alá polo ano 1956 decide probar fortuna aplicando un pau

dunha vasoira a un penacho de tiras de algodón que se escurría nun caldeiro cuns rodillos accionados por un pedal.



Foi perfeccionando o seu invento e, a partir de 1965, fabricouno en plástico coa aparencia que hoxe coñecemos. A pesar do seu éxito comercial - tres millóns de unidades ao ano e a exportación a máis de 30 países Jalón decidiu vender a súa empresa, Rodex, que facturaba 1.300 millóns de pesetas, á multinacional Curver BV para así poder adicarse a novos proxectos. Por exemplo, unha xiringa hipodérmica de desfeito non reutilizable, da que en Rusia xa se teñen fabricado centos de millóns.

Aos seus 75 anos, Manuel Jalón Corominas, recoñece que o uso doméstico da fregona diñificou un traballo que, por humilde, nin as amas de casa de clase media facían diante dos seus maridos: axeonllarse para fregar.

Dende aquí o agradecemento das mulleres (que son as que máis a utilizan) e homes (que xa se están iniciando no manexo) por nos poñer a todas e todos en pé.



Alumnos/as de 1º de ESO

Alumnos/as de 2º de ESO

LORENZO VARELA

Lorenzo Varela naceu na cidade da Habana o día 10 de agosto de 1916. Seu pai era dunha modesta familia e súa nai dunha familia de mellor posición. A familia da nai opúxose á voda, pero eles casaron e ao pouco do matrimonio marcharon para Cuba onde naceu Lorenzo. Ao pouco tempo voltaron para Monterroso (Lugo) porque non se afacían a vivir na illa.

En 1920 trasladouse coa súa familia a Bos Aires, mais a finais dese mesmo ano regresarían á Galiza, instalándose en Lugo. Alí fixo o Bacharelato e nun acto do Partido Galeguista en 1932 coñeceu a Castelao e Suárez Picallo. Ao seu abeiro ingresou nas fileiras do nacionalismo, partillando militancia nas Mocidades Galeguistas con Fernández del Riego, Celso Emilio Ferreiro, Carballo Calero e Ramón Piñeiro.

En 1935 Varela dislócase a Madrid, onde se incorpora ás Misións Pedagóxicas e ao equipo de redacción de PAN (Poetas, Andantes e Navegantes), revista en que publica-



ban Rafael Dieste, Antonio Baltar e Otero Espasandín. Na tertulia do café «La Granja del Henar» coñeceu, ademais, a artistas mozos como Granell, Laxeiro, Maside ou Colmeiro. No momento do alzamento militar, Varela, integrado na «Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura», enrolouse como miliciano e afiliouse ao Partido Comunista.

Durante a guerra percorreu os diferentes frentes alentando coas súas publicacións xornalísticas o espírito revolucionario dos combatentes.

Finalizado o conflito armado, atravesou os Pirineos e ficou durante uns meses no campo de refuxiados de Saint Cyprien. En maio de 1939 conseguiu embarcar para México, onde recuperaríase o seu labor xornalístico. Dous anos despois, reencontrouse co seu pai en Bos Aires, cidade en que o agardaban intelectuais amigos como Luís Seoane, Rafael Dieste ou Arturo Cuadrado. Na capital arxentina recuperou a actividade política e exerceu como crítico de arte e tradutor do portugués.

O golpe de Estado do xeneral Videla en 1976 forzou a Varela a un segundo exilio. Ameazado polas organizacións

paramilitares de ultradereita, saíu precipitadamente do país pola fronteira brasileira e desde alí



regresou a Madrid. O apoio de Isaac Díaz Pardo e Ramón de Valenzuela resultoulle fundamental para iniciar esta nova etapa, chea de isolamento e dificultades. Refuxiado na Galería Sargadelos, dedicouse ás traducións e frecuentou a tertulia do café «Gijón». Só e sen ningún tipo de recoñecemento, Lorenzo Varela morreu en Madrid o 25 de novembro de 1978. O seu corpo foi enterrado no cemiterio da Almudena e no ano 1981 os restos son trasladados ao panteón familiar de Monterroso. Sen deixar de lado a súa produción poética e xornalística en español, a aportación ás nosas letras de Varela concretouse en *Catro poemas pra catro grabados* (1944), con ilustración de Luís Seoane, e o poemario sobre a guerra civil e o exilio *Lonxe* (1954).

Alumnos/as
1º e 2º de ESO

ATA SEMPRE

Este curso, no Programa de Garantía Social, estivemos catro rapaces e unha rapaza. O mesmo que en anos anteriores puidemos participar ben en perruquería, ben en carpintería.

O grupo de carpintería estivo formado por catro alumnos e no de perruquería unicamente houbo unha alumna.

A semana pasa rápida de luns a mércores. Xoves e venres son eternos. Motivo? O noso interese polo traballo

vai depender do que nos manden facer nese día. Se toca ferraxe de ventás ou soprado encantados da vida pero o tronche, repasar, e lixar... como que non.

Hai algo moi positivo, o que máis nos gusta é a comida, o mellor de todo é que podemos escoller entre dous primeiros pratos, dous segundos e dous postres.

O traballo en perruquería non é complicado: lavar cabezas, dar tintes, coller rulos á boneca e mesmo cortalle o pelo a Isa, a mestra perruqueira, é bastante

agradable aínda que os brazos e as pernas son os que se "queixan" primeiro.

Aínda así animamos a todos aqueles que o desexen que fagan este curso, paga a pena.

Dende estas liñas queremos agradecer a empresa CUPIRE e a PERRUQUERÍA ISA a paciencia que tiveron connosco ao longo de todo o curso.


Gacias a todos e ata sempre.

Nuria, Raúl, Mario, Edi, Carlos

MATEMÁTICAS PARA O LECER


CUADRADO MÁGICO 3*3

Coloca los nueve primeros números de forma que sumen igual todas las columnas, todas las filas y las dos diagonales. ¿Hay más de una solución?



CUADRADO MÁGICO 4*4

Coloca los dieciséis primeros números de forma que sumen igual todas las columnas, todas las filas y las dos diagonales. ¿Hay más de una solución?



ACERTIJO LÓGICO

En una isla hay tres tipos de habitantes: los caballeros, que siempre dicen la verdad, los escuderos, que siempre mienten, y las personas normales, que a veces mienten y a veces dicen la verdad.

Estamos ante tres personas, A, B y C, una de las cuales es caballero, otra escudero y otra normal, no necesariamente en este orden. Dicen lo siguiente:

A: Yo soy normal

B: Eso que ha dicho A es verdad

C: Yo no soy normal

¿Qué son A, B y C?



PROBLEMA DE BARRILES

El problema consiste en que hay siete barriles llenos de aceite, siete llenos hasta la mitad y siete vacíos. Hay que repartirlos entre tres personas de manera que todos lleven la misma cantidad de barriles y de aceite sin pasar aceite de un barril a otro ¿Cómo lo harías?


NÚMERO DE 3 CIFRAS

Elige un número de tres cifras distintas (por ejemplo, 153), inviértelo (será 351); resta el mayor del menor ($351-153 = 198$); invierte el resultado (será 891), y suma los dos últimos números ($198+891 = 1089$). Comprueba que con cualquier número de tres cifras distintas, por ese procedimiento, obtienes siempre 1089. ¿Sabrías explicar por qué?

Alumnos/as 3º A


CALENDARIO DO COLEXIO, DEBUXOS E GAÑADORES

XANEIRO



Lucía, 1º E. Primaria

FEBREIRO



Alba López, 2º E. Primaria

MARZO




Vanesa de Jesús Carbalho, 3º E. P.

ABRIL



Miriam Ares Prada, 4º E.P.

MAIO



Pedro Miguel Amaro, 5º E.P.

XUÑO




Eva e Marta, 6º de E.P.

XULLO




Natalia Martínez Calvo, 1º ESO

AGOSTO




Alberto Dosouto López, 2º ESO

SETEMBRO




Sara Lopes da Silveira, 3º ESO

OUTUBRO



Zaira Fernández Voces, 4º ESO

NOVEMBRO



Raúl García Tato, PGS

DECEMBRO




Educación Infantil

O MUNDO DA ARTE INFANTIL


Os críticos de arte do Ensino Infantil Teñen unha peculiar visión do munda da pintura e ningún artista, por moi famoso/a que sexa, queda libre dos seus comentarios.

Amosamos as reproducións pictóricas e as opinións que os alumnos/as de Infantil teñen sobre Van Gogh e Velázquez.



Os xirasoles (Jesús, 3 anos)


"É unha tenda. É unha mesa con plantas que venden como na Ponte e ao lado hai botellas de fanta que non se ven".



Os xirasoles (Cristhian, 5 anos)




Os xirasoles (María, 5 anos)



Os xirasoles (V. Van Gogh)

"Ademais, mira, a planta crece, xa é máis grande, que o vexo eu".



Os xirasoles (Óscar, 5 anos)

"O pintor nun xarrón puxo unhas sementes e saíron uns redondos do medio, con picos e todo, de cor laranxa".

"Na casa das meninas hai moitos cadros e dúas teles porque hai moitos nenos".




As meninas (Diego Velázquez)




As meninas (Jésica, 4 anos)

"É unha habitación dunha casa onde hai moitas meninas que son nenas pequeniñas e están na clase cun profe que escribe nunha pizarra".



As meninas (Cristina, 5 anos)

"Hai un señor disfrazado de menino mirando o que fan e vixía á avoa das meninas. E despois van xogar co can que está a durmir".



As meninas (Natalia, 5 anos)